

**b) DA ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

— Resolución do 25 de abril de 1995 pola que se resolve a convocatoria, polo sistema de libre designación, para cubrir un posto de traballo vacante nesta corporación, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 47, do 8-3-1995.

Páxs.

3.424

c) OUTROS ANUNCIOS

**REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES
NOSA SEÑORA DO ROSARIO**

— Anuncio.

Páxs.

3.424



**DIARIO OFICIAL
DE GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
Secretaría Xeral da
Consellería da Presidencia
e Administración Pública
Edificio San Caetano
Teléfonos 544268 – 544270
Fax 544272 – 544273
Santiago de Compostela
ISSN 1.130-9210
Depósito Legal C. 73-1982

IMPRIME
La Voz de Galicia, S.A.
R/ Concepción Arenal, 11-13
A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se regula a avaliación e a cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no seu artigo 25.3º que o bacharelato proporcionará ós alumnos unha madurez intelectual e humana, así como os coñecementos e habilidades que lles permitan desempeñar as funcións sociais con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará para estudos posteriores. O artigo 29 da devandita lei condiciona a obtención do título de bacharel á avaliación positiva en tódalas materias.

O Decreto 275/1994, do 29 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 31 de agosto), polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 24.3º que na avaliación das aprendizaxes dos alumnos, que se realizará por materias, os profesores considerarán o conxunto das materias do correspondente curso, así como a madurez académica dos alumnos en relación cos obxectivos do bacharelato e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores. Así mesmo, establécense que os profesores avaliarán tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensinanza e a súa práctica docente. Igualmente avaliarán o proxecto curricular que se estea desen-

volvendo e, se é o caso, procederán á súa modificación.

Establecidos por Orde do 30 de outubro de 1992 (BOE do 11 de novembro) os elementos básicos dos informes de avaliación e os requisitos formais derivados do proceso de avaliación, que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado entre centros escolares do territorio nacional, procede que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dicte normas que rexan a avaliación e a cualificación no bacharelato coa finalidade de lle proporcionar ó profesorado un instrumento que regule e facilite a avaliación conxunta do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como a información dela a tódolos estamentos implicados. Por outra parte, establécense os documentos básicos de avaliación nos que deberá consignarse a información obtida na avaliación como garantía de que os alumnos teñen adquiridas a madurez académica e as capacidades que lles permitirán realizar estudos posteriores.

En consecuencia co anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso da autorización expresada na disposición derradeira primeira do devandito Decreto 275/1994,

DISPÓN:

Capítulo I. Natureza e desenvolvemento da avaliación na etapa de bacharelato.

Artigo 1º

Os centros públicos e privados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universi-

taria que impartan as ensinanzas correspondentes ó bacharelato establecidas no Decreto 275/1994, do 29 de xullo, desenvolverán o proceso de avaliación de acordo co establecido na presente orde.

Artigo 2º

1. O referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos e das alumnas serán os obxectivos educativos da etapa e os de cada unha das diferentes disciplinas, así como os criterios de avaliación que, para cada materia, se establezan no proxecto curricular do centro, aprobado polo claustro de profesores. O dito proxecto deberá cante-lo recollido no Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A avaliación será realizada polo equipo de profesores do respectivo grupo de alumnos e alumnas, coordinado polo profesor titor e asesorados, se é o caso, polo servizo de orientación do centro.

Na avaliación das aprendizaxes dos alumnos, que se realizará por materias, os profesores considerarán o conxunto das disciplinas do correspondente curso, así como a madurez académica dos alumnos en relación cos obxectivos do bacharelato e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.

3. Os resultados da avaliación expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos e negativas as inferiores a cinco.

Artigo 3º

1. A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua ó longo de todo o proceso de aprendizaxe, se ben ó remate de cada período lectivo farase unha avaliación final que valorará os resultados acadados polos alumnos e alumnas.

2. As sesións de avaliación e cualificación, dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, son as reunións do conxunto de profesores do respectivo grupo de alumnos, coordinadas polo titor, celebradas co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polos profesores das distintas materias e valorar dunha maneira colexiada o progreso dos alumnos na adquisición das capacidades que o Decreto 275/1994, do 29 de xullo, establece como obxectivos do bacharelato.

3. Realizaranse tantas sesións de avaliación e cualificación por curso como se estableza no proxecto curricular do centro, cun mínimo de tres, coincidindo a última coa avaliación final.

4. As sesións de avaliación utilizarán como instrumento básico as informacións e cualificacións que, sobre cada alumno e sobre o grupo, aporten os profesores e profesoras das distintas disciplinas.

5. O profesor titor convocará, presidirá e levantará acta do desenvolvemento das sesións de avaliación e cualificación, na que fará constar os acordos acadados e as decisións adoptadas. Esta acta aprobarase

na mesma sesión e será asinada polo profesor titor e polos profesores presentes.

6. As cualificacións outorgadas reflectiranse nos rexistros parciais de avaliación e cualificación, agás a cualificación final que, de acordo co disposto no artigo 15 da presente orde, se consinará na acta final.

Artigo 4º

O proceso de avaliación continua dos alumnos e das alumnas require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo.

Artigo 5º

1. Rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación, o profesorado emitirá a cualificación final despois de facer a valoración das aprendizaxes específicas das distintas disciplinas e da madurez académica acadada polos alumnos e polas alumnas en relación cos obxectivos do bacharelato.

2. Na cualificación final do segundo curso, o profesorado terá en conta, ademais dos elementos mencionados no apartado anterior, as posibilidades dos alumnos e das alumnas para proseguir estudos posteriores.

3. Os alumnos e as alumnas que non superaron tódalas materias na avaliación final ordinaria, realizarán as probas extraordinarias, que se celebrarán no mes de setembro, das disciplinas nas que non obtiveron cualificación positiva.

4. Ós alumnos e ás alumnas que non se presenten ás probas da devandita convocatoria extraordinaria faráselles constar esta circunstancia nos documentos de avaliación coa expresión de «non presentado/a» (NP).

5. A avaliación final dos alumnos e das alumnas naquelas materias que se imparten con idéntica denominación en ámbolos dous cursos estará supeñada á cualificación positiva da materia cursada no primeiro curso. Nos documentos de avaliación farase constar esta circunstancia co termo de «pendente» (P).

Procederase igualmente na avaliación das disciplinas con contidos total ou parcialmente progresivos, a saber: física ou química de segundo con relación a física e química de primeiro e bioloxía ou xeoloxía de segundo respecto a bioloxía e xeoloxía de primeiro.

6. A cualificación positiva que, se é o caso, obtería o alumno ou a alumna na materia ou materias que, por estaren condicionadas á superación daquelas do primeiro curso que teñen idéntica denominación, non poden ser avaliadas no segundo curso, será outorgada na sesión de avaliación extraordinaria do mes de setembro se desaparece a causa que o imposibilita.

Artigo 6º

1. Promocionarán do primeiro ó segundo curso de bacharelato os alumnos e as alumnas que foran avaliados positivamente en tódalas disciplinas do curso e aqueles outros que foran avaliados negativamente nunha ou en dúas materias.

2. Os alumnos e as alumnas que non promocionaran a segundo curso por teren avaliación negativa en máis de dúas materias deberán repetir curso e seren avaliados de novo en tódalas disciplinas de primeiro.

3. Os seminarios ou departamentos didácticos asumirán as tarefas de recuperación e avaliación dos alumnos de segundo curso que teñan unha ou dúas materias pendentes do curso anterior. Con esta finalidade proporarlles ós alumnos un plan de traballo no que constarán os contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas, así como instrumentos de avaliación que permitan verificarlle a recuperación das dificultades que motivaron a cualificación negativa.

4. A avaliación e cualificación das materias pendentes do primeiro curso realizarase con anterioridade á avaliación final ordinaria do segundo curso.

Artigo 7º

1. Ó remata-lo segundo curso, os alumnos e as alumnas que foran avaliados negativamente en máis de tres disciplinas do devandito curso ou de ámbolos dous cursos de bacharelato, deberán repetir curso e seren avaliados naquelas materias pendentes de primeiro, se é o caso.

2. Os alumnos e as alumnas con tres ou menos materias pendentes de segundo ou de ámbolos dous cursos haberán de cursar unicamente estas disciplinas.

3. Para os efectos do disposto no apartado anterior, considérase unha soa materia aquela que se curse con idéntica denominación nos dous cursos de bacharelato, a saber: lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, lingua estranxeira, matemáticas, tecnoloxía industrial, latín, matemáticas aplicadas ás ciencias sociais, grego, debuxo artístico, volume, taller artístico, segunda lingua estranxeira e música.

4. Excepcionalmente, e por unha soa vez, a dirección do centro poderá autorizar que os alumnos e as alumnas ós que se fai referencia no apartado 2 cursen tódalas materias de segundo, coa finalidade de melloraren as súas cualificacións.

A estes alumnos consideraráselles nas materias que xa tiñan superadas a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que a dita cualificación sexa superior á anterior. No caso contrario, prevalecerá a cualificación obtida na convocatoria precedente.

Artigo 8º

Para realiza-la proposta da expedición do título de bacharel será necesario que os alumnos e as alumnas obteñan avaliación positiva en tódalas materias.

Artigo 9º

1. A nota media de bacharelato será a media aritmética das cualificacións de tódalas disciplinas que compoñen os dous cursos. Só neste caso, poderase expresar cun decimal.

2. De acordo co Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro (BOE do 26 de xaneiro de 1995), no bacharelato, e co fin de garanti-lo principio de igualdade e a libre concorrencia entre tódolos alumnos,

as cualificacións que se obtiveran na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media para efectos de acceso á universidade nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ó estudio que realicen as administracións públicas, cando houbera que acudir á nota media do expediente para realizar unha selección entre os solicitantes.

As actividades de estudio alternativas ás ensinanzas de relixión non serán obxecto de avaliación e non terán constancia nos expedientes académicos dos alumnos.

3. Os alumnos e as alumnas que obtiveran no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibirlle a mención «matrícula de honor» que será consignada no seu expediente e no libro de cualificacións. A devandita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ó 5%.

Artigo 10º

Os alumnos que se incorporen ós estudos de bacharelato procedentes dunha Comunidade Autónoma con lingua propia cooficial co castelán, incorporaranse ó curso que lles corresponda, segundo o número de materias que teñan pendentes do plan de estudos da Comunidade Autónoma de procedencia.

Capítulo II. Información e comunicación dos resultados da avaliación.

Artigo 11º

1. O titor informará por escrito ós pais, nais ou tutores legais así como ós alumnos sobre o seu aproveitamento académico e sobre a evolución do proceso educativo cando as circunstancias o aconsellen e, polo menos, despois de cada sesión de avaliación.

2. Coa finalidade de garanti-lo dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, os centros darán a coñecer os obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nas programacións das diferentes materias como requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva.

3. Os alumnos e alumnas ou os seus representantes legais poderán presentar reclamacións sobre as cualificacións finais obtidas nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, conforme procedemento que establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Capítulo III. Documentos de avaliación.

Artigo 12º

Os documentos de avaliación das ensinanzas de bacharelato serán os seguintes:

- a) Expediente académico do alumno/a.
- b) Libro de cualificacións do bacharelato.
- c) Actas de cualificación final.

d) Informes de avaliación individualizados.

Artigo 13º

1. O expediente dos alumnos e das alumnas que accedan ó bacharelato deberá ser cuberto e permanecer no centro no que se matricule o alumno ata o remate dos seus estudos. O dito expediente axustarase no seu deseño básico ó modelo que figura como anexo I á presente orde.

2. Cubrir, custodiar e arquivar os expedientes é responsabilidade do secretario ou secretaria do centro. Os ditas expedientes conservaranse no centro, mentres este exista. As delegacións provinciais preverán as medidas necesarias para a súa conservación ou traslado no caso de supresión do mesmo.

Artigo 14º

1. O libro de cualificacións do bacharelato é un documento oficial no que se reflicten os estudos cursados e as cualificacións obtidas polo alumno ou pola alumna nesta etapa da educación secundaria, tendo valor acreditativo dos estudos realizados.

2. No libro de cualificacións recollerase, se é o caso, a información referida ós cambios de centro e de modalidade, así como a renuncia á matrícula e a solicitude, por parte do alumno ou dos pais, nais ou titores legais, de expedición do título correspondente, unha vez superadas tódalas materias.

O libro deberá ser cuberto directamente sobre as follas orixinais, sen que sexa válida a utilización de adhesivos, documentos grampados ou outros similares.

3. Cubrir e custodiar os libros de cualificacións será responsabilidade do secretario ou secretaria do centro no que o alumno está matriculado. Unha vez superados os estudos, o libro seralle entregado ó alumno ou á alumna, efectuándose a correspondente dilixencia no mesmo, da que se gardará copia no seu expediente.

4. O libro de cualificacións do bacharelato será editado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para o procedemento da súa solicitude, rexistro e distribución observarase o disposto na Orde do 25 de outubro de 1993 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de novembro).

Artigo 15º

1. A acta de cualificación final axustarase no seu deseño básico ó modelo que figura no anexo II á presente orde, acompañado das claves indicativas das materias.

2. As actas comprenderán a relación nominal dos alumnos e das alumnas que compoñen o grupo xunto cos resultados da avaliación de cada materia. Nas actas correspondentes ó segundo curso farase constar a proposta de expedición do título de bacharel cando se teñan superadas tódalas materias.

3. As actas de cualificación final serán asinadas por tódolos profesores do grupo co visto e prace da dirección do centro e serán arquivadas na secretaría para os efectos oportunos. Unha copia das actas

de cada grupo remitiráselle ó Servicio Provincial da Inspección Técnica.

4. Os centros privados remitiranlle un exemplar das actas ó instituto de educación secundaria ó que estean adscritos.

5. Na convocatoria ordinaria reflectirase na acta só as cualificacións positivas e sinalarase cun guión as cualificacións negativas. Na sesión de avaliación e cualificación extraordinaria de setembro, deberase consignar, en forma numérica, tódalas cualificacións obtidas polos alumnos e polas alumnas, agás os supostos previstos no artigo 5º, apartados 4 e 5, da presente orde, nos que se empregará a anotación «non presentado» (NP), «pendente de primeiro» (P) ou exento (ex), respectivamente.

6. A partir dos resultados consignados nas actas, elaborárase un informe dos resultados da avaliación final dos alumnos e das alumnas segundo o modelo que se recolle no anexo III. Unha copia deste informe será remitido ó Servicio Provincial da Inspección Educativa antes do 15 de setembro.

Artigo 16º

1. Cando un alumno se traslade a outro centro consignarase nun informe de avaliación individualizado aquela información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe.

2. O informe de avaliación individualizado será elaborado polo titor, a partir dos datos facilitados polos profesores e profesoras das distintas materias do curso e contará, polo menos, os seguintes elementos:

a) Grao de consecución das capacidades enunciadas nos obxectivos xerais da etapa e das diferentes disciplinas.

b) Grao de asimilación dos contidos das diferentes materias.

c) Cualificacións parciais ou valoración da aprendizaxe realizada e, se é o caso, as medidas de reforzo educativo.

Artigo 17º

En calquera momento, os institutos de educación secundaria poderán emitir, a petición dos interesados, certificación dos estudos realizados na que se especifiquen as materias cursadas e as cualificacións obtidas. A certificación irá asinada polo secretario do centro e visada polo director ou a directora.

Capítulo IV. Mobilidade dos alumnos.

Artigo 18º

1. Cando un alumno se traslade de centro antes de rematar os seus estudos de bacharelato, o centro de orixe remitiralle ó de destino, e a petición deste, ademais do informe individualizado ó que se fai referencia no artigo 16, o libro de cualificacións do alumno facendo constar, na dilixencia correspondente, que as cualificacións concordan coas que figuran nas actas. Nos libros de cualificacións de alumnos e alumnas de centros privados, esta dilixencia será

cuberta polo instituto de educación secundaria ó que estean adscritos.

2. O centro receptor farase cargo do libro de cualificacións e obterá o correspondente expediente académico do alumno ou alumna.

Capítulo V. Titulación de bacharelato.

Artigo 19º

1. De acordo co disposto no artigo 27 do Decreto 275/1994, do 29 de xullo, os alumnos e as alumnas que acadaran avaliación positiva en tódalas materias poderán recibirlo título de bacharel.

2. O título de bacharel será único, e no texto do mesmo deberá constar a modalidade cursada e a cualificación media obtida.

3. O centro educativo no que os alumnos e alumnas finalizaran os estudos de bacharelato proporá o alumno ou a alumna para a obtención do título de bacharel, de acordo co que se estableza na norma que regule a obtención e expedición dos títulos non universitarios.

Capítulo VI. Avaliación do proceso de ensinanza e do proxecto curricular.

Artigo 20º

1. O profesorado, ademais da avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas de acordo cos obxectivos xerais da etapa e cos obxectivos propios de cada materia, avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación coa consecución dos obxectivos educativos do currículo. Avaliará, así mesmo, o proxecto curricular, a programación docente e o desenvolvemento real do currículo.

Artigo 21º

A Comisión de Coordinación Pedagóxica prevista no artigo 7.3º da Orde do 16 de xaneiro 1995 proporá ó claustro de profesores, para a súa aprobación, o plan de avaliación do proceso de ensinanza, da práctica docente e do proxecto curricular. Este plan deberá recoller os momentos nos que a devandita avaliación se efectuará e os instrumentos necesarios para facilitala.

Artigo 22º

A avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente, que terá como referente o proxecto curricular, deberá ter en conta, polo menos, os aspectos seguintes:

- a) A organización e aproveitamento dos recursos do centro.
- b) A atención á diversidade dos alumnos.
- c) O carácter das relacións entre os profesores, entre os alumnos e entre o profesorado e o alumnado, así como cos pais, nais ou titores legais dos alumnos.
- d) A coordinación entre os órganos e persoas responsables no centro da planificación e desenvolvemento da práctica docente: equipo directivo,

claustro de profesores, comisión de coordinación pedagóxica, departamentos ou seminarios e titores.

Artigo 23º

Na avaliación do proxecto curricular, coordinada polo equipo directivo do centro que poderá solicitar a colaboración, para ese fin, da Comisión de Coordinación Pedagóxica prevista no artigo 7.3º da Orde do 16 de xaneiro de 1995, teranse en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A súa coherencia co proxecto educativo do centro.
- b) A súa adaptación ás características do medio.
- c) A adecuación dos obxectivos programados ás características dos alumnos.
- d) A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares empregados.
- f) A validez dos criterios de avaliación establecidos.
- g) As actividades de orientación educativa e profesional.
- h) A idoneidade dos itinerarios académicos propostos e da oferta de materias optativas.

Artigo 24º

Os resultados da avaliación, que será aprobada polo claustro, faranse constar nun informe que se incluírá na memoria anual do centro, e servirán de elemento referencial para a modificación do proxecto curricular, do proceso de ensinanza e da práctica docente naqueles aspectos que se amosasen pouco axeitados ás características dos alumnos e das alumnas.

As modificacións que se acorden incluíranse para o curso seguinte nas programacións dos distintos seminarios ou departamentos.

Disposición adicional

Única.-No caso dos alumnos e alumnas que se incorporen ó bacharelato a partir do terceiro ciclo das ensinanzas de música e danza, a nota global do bacharelato será o resultado da media aritmética das materias comúns, unida á media aritmética do conxunto das ensinanzas do terceiro ciclo de música e danza.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Ordenación Educativa e Centros para dictar as normas que sexan precisas para a execución do establecido na presente orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1995.

Juan Piñeiro Permuy
 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
 Sr. Director Xeral de Ordenación Educativa e Centros

ANEXO II

CLAVES das materias

Materias de primeiro curso		Materias de segundo curso	
Clave	Materia	Clave	Materia
EFís	Educación Física	Hist	Historia
Filo	Filosofía	LCeL	Lingua Castelá e Literatura
LCeL	Lingua Castelá e Literatura	LGeL	Lingua Galega e Literatura
LGeL	Lingua Galega e Literatura	Ingl	Lingua Estranxeira – Inglés
Ingl	Lingua Estranxeira – Inglés	Fran	Lingua Estranxeira – Francés
Fran	Lingua Estranxeira – Francés	2Fra	2ª Lingua Estranxeira – Francés II
Reli	Relixión Católica	2Ingl	2ª Lingua Estranxeira – Inglés II
RelO	Relixión (Outras)	Biol	Bioloxía
2Fra	2ª Lingua Estranxeira – Francés I	CTMA	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente
2Ingl	2ª Lingua Estranxeira – Inglés I	DebA	Debuxo Artístico II
BiXe	Bioloxía e Xeoloxía	DebT	Debuxo Técnico
DebA	Debuxo Artístico I	EcOr	Economía e Organización de Empresas
DbTA	Debuxo Técnico (Artes)	Elec	Electrotecnia
Econ	Economía	Fisi	Física
EtFi	Ética e Filosofía do Dereito	FDes	Fundamentos de Deseño
FiQu	Física e Química	Greg	Grego II
Greg	Grego	HArt	Historia da Arte
HMCo	Historia do Mundo Contemporáneo	HFil	Historia da Filosofía
Latí	Latín I	HeXG	Historia e Xeografía de Galicia
LitU	Literatura Universal Contemporánea	Imax	Imaxe
MatA	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	CCPS	Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía
Mate	Matemáticas I	Latí	Latín II
Músi	Música I	LitG	Literatura Galega
TaAr	Taller Artístico I	LitH	Literaturas Hispánicas
Tecn	Tecnoloxía Industrial I	Mate	Matemáticas II
Volu	Volume	MatA	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
XeAr	Xeometría da Arte	Mecá	Mecánica
		MEeN	Métodos Estatísticos e Numéricos
		Músi	Música II
		Quím	Química
		TArt	Taller Artístico II
		TEGP	Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
		Tecn	Tecnoloxía Industrial II
		Volu	Volume II
		Xeog	Xeografía
		Xeol	Xeoloxía

REVERSO

Modificacións:

SINATURAS: Convocatoria ordinaria

V. e pr.
O/A director/a

SINATURAS: Convocatoria extraordinaria

V. e pr.
O/A director/a

REVERSO

Modificacións:

<p>SINATURAS: Convocatoria ordinaria</p> <p>V. e pr. O/A director/a</p>	<p>SINATURAS: Convocatoria extraordinaria</p> <p>V. e pr. O/A director/a</p>
---	--

ANEXO III
 INFORME DOS RESULTADOS
 DA AVALIACIÓN FINAL DOS/DAS ALUMNOS/AS
 Curso académico 199 – 9

Centro:	<input type="checkbox"/> Público	<input type="checkbox"/> Privado	CP:
Localidade:			
Provincia:			

RESUMOS PARA O CURSO PRIMEIRO

CURSO PRIMEIRO	Alumnos que o cursaron : ____
	Alumnos que promocionan: : ____ = ____ %
GRUPO ____	Alumnos que non promocionan : ____ = ____ %

MATERIAS	Cualificacións			
	≥ 5	< 5	Ex	Media
Totais				

CURSO PRIMEIRO	Alumnos que o cursaron : ____
	Alumnos que promocionan: : ____ = ____ %
TÓDOLOS GRUPOS	Alumnos que non promocionan : ____ = ____ %

MATERIAS	Cualificacións			
	≥ 5	< 5	Ex	Media
Totais				

RESUMOS PARA O CURSO SEGUNDO

CURSO SEGUNDO	Alumnos que o cursaron : ____
GRUPO ____	Alumnos propostos para obte-lo título : ____ = ____ %

MATERIAS	Cualificacións			
	≥ 5	< 5	Ex	Media
Totais				

CURSO SEGUNDO	Alumnos que o cursaron : ____
TÓDOLOS GRUPOS	Alumnos propostos para obte-lo título : ____ = ____ %

MATERIAS	Cualificacións			
	≥ 5	< 5	Ex	Media
Totais				

